



**RENDICION, PUBLICIDADE E APROBACIÓN INICIAL DA CONTA XERAL DO
CONCELLO CORRESPONDENTE AO EXERCICIO DE 2016 E DACION DE CONTA
DOS REPAROS EFECTUADOS DURANTE 2016.**

2017/XENINT/0000064

Visto o expediente que se refire, formado polos correspondentes Estados e Contas Anuais do exercicio de 2016 no que consta o informe do Organo de Xestión Presupostaria e de Contabilidade, e da Intervención Xeral (Rfra. 45 OXPC/2017) do 25 de xullo de 2017, así como polos reparos de legalidade efectuados pola Intervención Xeral durante o devandito exercicio.

En uso das facultades correspondentes a esta Concellaría e, en cumprimento do establecido no artigo 212 e 218 do RDL 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais,

PROPONSE

Primeiro.- Someter a Conta Xeral 2016 a informe da Comisión Especial de Contas , para posteriormente exporse ao público polo prazo de quince días, durante os cales e oito máis os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións.

Segundo.- Dar conta ao Pleno da Corporación dos reparos efectuados pola Intervención Xeral durante o exercicio 2016.

Terceiro.- Transcorrido dito prazo, e unha vez examinadas as posibles reclamacións, reparaos e observacións sobre as que a citada Comisión emitirá novo informe, someter a Conta Xeral á aprobación polo Pleno da Corporación.

